



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Economía política		Código	615G01104
Titulación	Grao en Socioloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Martin Palmero, Federico Guillermo	Correo electrónico	f.g.martin@udc.es	
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando	Correo electrónico	f.bruna@udc.es	
	Martin Palmero, Federico Guillermo		f.g.martin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Este curso está estruturado de forma que resulte o máis fácil posible introducir ao/a alumno/a nos conceptos e instrumentos básicos da Economía. Os atributos que se pretende que caractericen este curso son a claridade e a sencillez, tendo sempre en conta o necesario rigor e ofrecendo ao/a alumno/a unha estrutura lóxica e sólida de coñecementos de Economía, de fundamental importancia na súa formación universitaria.			



Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios. 2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen As mesmas que na docencia presencial. *Metodoloxías docentes que se modifican Ningunha. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado. - Tutorías por correo electrónico. Co obxecto de levar a cabo unha debida organización, procurarase que se fagan coincidindo co horario programado para as tutorías presenciais. - Moodle Os temas, materiais, apuntamentos, etc. que serviran para desenvolver a aprendizaxe da materia serán de uso híbrido, tanto para o ensino presencial como de forma virtual. - Teams As sesións maxistras levaranse a cabo mediante esta ferramenta, procurando a coincidencia co horario das clases presenciais. Poderán programarse sesións especiais para traballos tutelados, discusións, etc. 4. Modificacións na avaliación Non se modifica. *Observacións de avaliación: Mantéñense as mesmas pautas que para a avaliación presencial. Todo o sistema de avaliación levarase a cabo a través da plataforma Moodle. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se modifica.
----------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Conocimientos básicos de macroeconomía.
A20	Capacidades para adecuar los objetivos a los recursos económicos, temporales y humanos.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.



B4	Resolución de problemas.
C8	Valorar la importancia que tiene la investigación, la innovación y el desarrollo tecnológico en el avance socioeconómico y cultural de la sociedad.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Comprender os fundamentos da análise económica e as súas implicacións sociolóxicas. Introducirse no uso de metodoloxías e das diferentes técnicas de análise.		A20	C8
Adquirir coñecementos básicos de microeconomía e macroeconomía con especial atención á aplicación de políticas económicas.		A6	
Avaliar as capacidades de análise e síntese do/a alumno/a en relación á materia impartida a partir da resolución de problemas e supostos prácticos.			B3 B4

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: ¿QUE É A ECONOMÍA?	1.1. Introducción. 1.2. Principios básicos 1.3. Modelos económicos: A FPP e o comercio 1.4. As representacións gráficas en economía
TEMA 2: OFERTA E DEMANDA	2.1. Oferta e demanda 2.2. O equilibrio de mercado 2.3. A elasticidade 2.4. Modelos dinámicos: a tea de araña
TEMA 3: AXENTES E MERCADOS	3.1. Excedente do consumidor e do produtor 3.2. A toma de decisións
TEMA 4: O PRODUCTOR	4.1. ¿Qué hai detrás da curva de oferta?: Factores productivos e custos 4.2. Competencia perfecta e a curva de oferta
TEMA 5: O CONSUMIDOR	5.1. O consumidor racional 5.2. As preferencias e a elección do consumidor
TEMA 6: MERCADOS E EFICIENCIA	6.1. Mercados de factores e distribución da renda 6.2. Eficiencia i equidade 6.3. Os bens públicos e as externalidades
TEMA 7: ESTRUCTURA DE MERCADO: MÁIS ALÁ DA COMPETENCIA PERFECTA	7.1. Monopolio 7.2. Oligopolio e competencia monopolística 7.3. Competencia monopolística e diferenciación de produto 7.4. Análise comparativa das distintas estruturas de mercado
TEMA 8: INTRODUCCIÓN Á CONTABILIDADE NACIONAL.	8.1. Introducción. 8.2. A renda ou produto nacional.
TEMA 9: A DEMANDA AGREGADA E A RENDA DE EQUILIBRIO.	9.1. Introducción. 9.2. A demanda agregada e a produción de equilibrio. 9.3. Aumento da demanda agregada: O multiplicador do gasto. 9.4. Introducción do Sector Público na determinación da renda de equilibrio.
TEMA 10: O DIÑEIRO E OS BANCOS COMERCIAIS.	10.1. Introducción. 10.2. O diñeiro: orixe, tipoloxía e funcións. 10.3. Os bancos comerciais e a creación de diñeiro. 10.4. A demanda de diñeiro. 10.5. Os intermediarios financeiros.

**TEMA 11: O BANCO CENTRAL E A POLÍTICA MONETARIA.**

11.1. Introducción.

11.2. As funcións do Banco Central.

11.3. O control da cantidade de diñeiro.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A20 C8	35	42	77
Solución de problemas	B4	6	18	24
Proba obxectiva	A6 B3 B4	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades de docencia presencial do curso abrangerán clases maxistras, ademais das clases prácticas. Nas clases maxistras explicaranse os temas centrais do curso de forma detida, proporcionando toda a información para que o/a alumno/a poda desenvolver o correcto seguimento do curso. A asistencia, de acordo coa guía da titulación, se considera obrigatoria e de fundamental importancia para o correcto seguimento do curso e das actividades propostas polo/a profesor/a. Os/as profesores/as encargados da docencia determinarán as tecnoloxías da información e comunicación que os/as alumnos/as poden utilizar para o desenvolvemento e seguimento das mesmas.
Solución de problemas	Os/as alumnos/as realizarán diferentes traballos sobre temas específicos e supostos prácticos recomendados polo profesor/a. Estes traballos valoraran a capacidade de recompilar e sintetizar, e a aportación que cada alumno/a poda facer en canto ao estilo, enfoque e procedemento segundo orientación do profesor/a.
Proba obxectiva	A materia terá os exames finais ordinarios nas convocatorias e datas programadas pola Facultade. No caso de que os/as alumnos/as superasen os exames e probas parciais programadas ao longo do curso, quedarían exentos da súa realización.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Solución de problemas	Pare este curso, as titorías presenciais poderán ser substituídas por atención personalizada a través de correo electrónico e, no caso de que resultase necesario, mediante titorías por Teams, previa cita solicitada polo/a alumno/a por correo electrónico. Co obxecto de que se podan levar a cabo cunha debida organización, procurarase que se fagan coincidindo cos horarios das teóricas titorías presenciais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Proba obxectiva	A6 B3 B4	Estas probas representarán o 80% da nota final. Realizaranse nas convocatorias oficiais segundo o calendario fixado pola Facultade. En función da evolución do curso poderán realizarse probas parciais previas ás probas obxectivas e que terán carácter liberatorio. Este proceso de avaliación continua levarase a cabo alomenos para dúas partes da materia: Microeconomía e Macroeconomía. Os/as profesores/as encargados/as da materia determinarán o tipo de material e recursos que poderán utilizarse nos exames, quedando terminantemente prohibido o uso de dispositivos e teléfonos móbiles. Se se permitise o uso de calculadoras, cada alumno/a deberá vir provisto da súa, para o seu uso individual e exclusivo. Unha vez comezadas as probas obxectivas, quedará prohibido o acceso a éstas aos/as alumnos/as que accedan máis tarde da hora fixada para o comezo dos exames.	80
Solución de problemas	B4	Estes traballos representarán o 20% da nota final e a cualificación obtida nos mesmos, desenvolvidos ao longo do curso, manterase para a oportunidade de Xullo. Valoraranse os supostos prácticos e a resolución de problemas realizados polo/a alumno/a. O prazo e o modo de entrega serán de obrigado cumprimento. Non se admitirán excepcións.	20

Observacións avaliación

1.- De acordo co establecido no Artigo 7.5 da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos/as estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña (aprobada polo Consello Social o 4 de maio de 2017), non se admite a dispensa de asistencia a clase nesta materia.

As actividades de docencia presencial do curso abarcarán clases teóricas e clases prácticas.

2.- Os criterios de avaliación do alumnado con dedicación a tempo parcial e de convocatoria extraordinaria serán os mesmo que os do resto dos/as alumnos/as.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Francisco Mochón (2009). Economía Teoría y Política.. McGraw-Hill - Krugman, P. Wells, R. y Graddy, K. (2015). Fundamentos de Economía. Ed. Reverté - Mankiw, N.G. y Taylor, M.P. (2017). Economía. Ed. Paraninfo
----------------------------	---

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías